

## Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 510/2021, do 5 de novembro, ditada no recurso de apelación núm. 4200/2021

O único elemento probatorio que achega a parte recorrente é unha fotografía aérea que dá conta da existencia dunha cuberta a unha data determinada, pero que por si soa é insuficiente para erixirse en termo de referencia válido para considerar completamente consumada a infracción, o cal require unha proba certa, por parte de quen realiza a obra de forma clandestina, dunha completa terminación do proceso construtivo. Só cabería apreciar a prescrición se se proba polo interesado esa data concreta de terminación, coa antelación necesaria respecto á incoación do procedemento sancionador. A falta desa proba non pode acollerse a prescrición da infracción en función de meras conxecturas sobre a posibilidade de que o proceso construtivo, pola súa sinxeleza, puidese concluír cunha antelación superior á do tempo de prescrición.

O proceso construtivo, con independencia da sinxeleza alegada, pódese dilatar ao longo do tempo, e non basta o seu inicio ou a mera existencia de obras en curso de execución ou non terminadas para determinar o inicio do prazo prescricitivo.

(...) Neste caso non hai razóns para considerar unha data de terminación anterior á comprobada polo órgano sancionador, xa que nin hai licenza, permiso ou autorización de funcionamento ou servizo, nin certificado final de obra, nin proba fidedigna dunha data concreta de terminación.

(...) Neste terreo non bastan meras conxecturas, hipóteses ou posibilidades, con maiores ou menos visos de probabilidade. Requírese unha certeza sobre unha concreta data de terminación que a parte non achegou, e non é asumible a presunción de completa terminación por razóns de lóxica ou de sinxeleza construtiva.